

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2017

A presente liña de axudas insírese dentro das previsións reflectidas no Plan Estratéxico da Deputación de Lugo 2017-2019, liña 4.2 Deportes, co obxectivo de promover e difundir o deporte e a súa práctica por todos os sectores da poboación, potenciando a mellora do deporte na provincia de Lugo, apoiando as actividades e a participación dos clubs da provincia de Lugo en ligas ou campionatos oficiais e axudar ás entidades á organización de eventos deportivos.

1. DEFINICIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo, e no seu caso recreativo, da provincia de Lugo- (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) - co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2017. En consecuencia, quedan excluídas da presente convocatoria as sociedades anónimas deportivas.

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada

Axudas destinadas a entidades deportivas da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia) que desenvolvan a súa participación en competicións organizadas polas respectivas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web e que se relaciona no ANEXO A destas bases e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

- O orzamento financiable componse dos seguintes gastos subvencionables:
 - Gastos de persoal. Serán subvencionables os gastos do seguinte persoal, con contrato laboral co club solicitante, ou de acreditar ter contratado os servizos con terceiros.:
 - *técnico deportivo*
 - *adestrador/a*
 - *fisioterapeuta*
 - *preparador físico*
 - *monitor/a deportivo/a*
 - Gastos federativos: licenzas e dereitos de participación e inscrición en competicións, cotas de mutualidades deportivas, primas e cotas de afiliación a seguros e mutualidades deportivos.

Enténdase gastos federativos necesarios para a participación deses clubs nas respectivas competicións deportivas (licenzas, inscricións e mutualidades), dentro da liña de actividade competitiva, sempre que ese gasto se acredite como pagado, dentro do período de realización da actividade e dentro do respectivo período federativo, que vincule tal gasto á súa participación na competición de que se trate.

- Gastos de arbitraje, comisarios deportivos e xuíces deportivos: deberá acreditarse mediante a respectiva factura, na que se indiquen partidos disputados coas respectivas datas.
- Gastos de material deportivo non inventariable preciso para a actividade competitiva para a que se solicita a axuda: por exemplo, balóns, redes, colchonetas, raquetas, aros, etc....
- Gastos de vestimenta deportiva do club solicitante para a disciplina deportiva na que figuren inscritos e para a que soliciten a axuda.

- Gastos de transporte: desprazamentos do club solicitante por asistencia á competición da disciplina deportiva na que figuren inscritos e para a que soliciten a axuda.
- Gastos de combustible: (ver condicións)

Todos os gastos deberán acreditarse mediante a respectiva factura e no seu caso, a respectiva certificación federativa.

Os gastos de persoal deberán acreditarse mediante nóminas, IRPF e seguridade social ou no seu caso, con respectiva factura relativa aos servizos prestados por terceiro, á entidade ou club beneficiario.

Os gastos de transporte serán subvencionables, primeiro, no caso de ter contratado a un terceiro (coche alugueiro, autocar, etc.) até o importe total soportado pola entidade; ou segundo, cando tendo vehículo propio da entidade, os gastos de combustible que este orixine e que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma até un importe máximo que non supere o 30 % do custo total da actuación.

Este último criterio, de limitación do 30%, non será de aplicación para os gastos de transporte derivados da contratación a un terceiro ou dos gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, utilizado expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindibles para a práctica da correspondente disciplina deportiva (exemplo; bicicletas, piraguas, canoas, embarcacións de remo e análogas) que estean recoñecidos e se reflectan nos respectivos regulamentos técnicos oficiais.

Quedan excluídas desta liña de axudas á actividade competitiva, tanto as federacións deportivas, as delegacións provinciais de federacións e as sociedades anónimas deportivas.

Non serán subvencionables os gastos de aloxamento, de hostalería, comidas e restauración, nin as sancións federativas, nin os gastos xerais da entidade organizadora, a adquisición de material de oficina, informática ou similar.

En todo caso, os gastos financiados indicados anteriormente e que deberán reflectirse no respectivo orzamento de solicitude deberán cinxir aos gastos directa e estritamente necesarios para o desenvolvemento e execución da actividade deportiva para a que se solicita a axuda e inequivocamente relacionados con ela.

B. Liña de axudas para a organización de eventos deportivos

Axudas destinadas a clubs e entidades deportivas e recreativas da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia de Lugo) que desenvolvan eventos deportivos de carácter puntual na provincia de Lugo e cuxa repercusión incida na promoción e a formación deportiva e con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado.

- O orzamento financiable está composto polos seguintes gastos subvencionables:
 - Gastos de persoal preciso para a realización e desenvolvemento do evento: gastos de contratación de técnicos e/ou especialistas deportivos para a organización, desenvolvemento e soporte do evento.
 - Premios económicos en metálico: deberán realizarse as súas respectivas retencións conforme a normativa aplicable
 - Medallas e trofeos: destinados directa e expresamente ao evento.
 - Alugueiro de instalacións, material de sinalización.

- Gastos federativos, xuíces e árbitros.
- Primas de seguros exclusivamente para o evento: de responsabilidade civil e de accidentes
- Gastos de publicidade do evento, especificamente desenvoltos para a publicidade do evento: cartelería, publicidade e elementos de promoción.
- Gastos de cobertura sanitaria do evento: contratación de ambulancias e ambulancias medicalizadas.

Todos os gastos deberán acreditarse mediante a respectiva factura e no seu caso, a respectiva certificación federativa.

Os gastos de persoal deberán acreditarse mediante nóminas, IRPF e seguridade social ou no seu caso, con respectiva factura relativa aos servizos prestados por terceiro, á entidade ou club beneficiario.

Non serán subvencionables os gastos de aloxamento, de hostalería, comidas e restauración, nin as sancións federativas, nin os gastos xerais da entidade organizadora, a adquisición de material de oficina, informática ou similar.

En todo caso, os gastos financiáveis indicados anteriormente e que se reflectirán no respectivo orzamento de solicitude, deberanse cinxir aos **gastos estritamente necesarios** para o desenvolvemento do evento deportivo e directamente derivados do seu desenvolvemento e execución.

Non terán a consideración de evento deportivo nin se considerará subvencionable, a organización por parte dun club deportivo ou delegación deportiva, de competicións regulares tales como ligas ou torneos entre asociados e clubs, que non teñan a consideración de competición federada oficial por parte da correspondente federación.

Non serán subvencionables os cursos deportivos formativos.
Serán subvencionables os “campus deportivos”.

Réxime da convocatoria

As subvencións, en réxime de concorrencia competitiva **destinadas a entidades e clubs deportivos e no seu caso recreativos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2017**, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 93.1), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Os datos do parágrafo anterior refírense á información para a Base de Datos Nacional de Subvencións.

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

2. GASTOS SUBVENCIONABLES

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, enténdese por gastos subvencionables o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas segundo os gastos subvencionables definidos para cada liña das finalidades.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por orzamento financiable o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas segundo os gastos subvencionables definidos para cada unha das liñas das finalidades reflectidas no punto 1. Do mesmo xeito, os gastos serán os estritamente necesarios.

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, considerase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sendo necesario que este se atope pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e que se acredite o seu pagamento. Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Non se subvencionarán aquelas actividades de carácter relixioso, político, militar, e en xeral, que sexan corporativas restritivas, dado que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións deportivas para a poboación xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións e colectivos abertos á poboación en xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto).

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actividades e actuacións que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Polo menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

3. REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR OS BENEFICIARIOS

As entidades beneficiarias perceptoras da subvención terán os dereitos e obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 5, da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, e en todo caso:

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades deportivas que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nelas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases se atope na situación que lexítima a súa concesión.

En xeral, poderán solicitar subvencións ao abeiro desta convocatoria as **entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo e recreativo (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) da provincia de Lugo** (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa

vixente, que carezan de finalidade de lucro e que desenvolvan a actividade no ámbito territorial da provincia, que os destinatarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada liña e de acordo coas condicións establecidas nas presentes Bases en cada unha das distintas liñas de axudas.

- Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (**actividade competitiva**) todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web e que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.
- Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades que fai referencia o punto B das finalidades (**organización de eventos deportivos**) todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas e recreativas da provincia de Lugo (con sede e/ou delegación na provincia) que desenvolvan eventos deportivos de CARÁCTER PUNTUAL (duración entre 1-6 horas a máis de 80) na provincia de Lugo das modalidades e especialidades deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web e que se relaciona no ANEXO A destas bases con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado, e especialmente ao abeiro de competicións oficiais organizadas pola Federación oficial respectiva e da súa normativa.

Para os efectos indicados, e dentro da liña A de axudas (ACTIVIDADE COMPETITIVA), o club ou entidade solicitante deberá acreditar mediante certificación federativa a súa inscrición na respectiva competición oficial federada para a disciplina e modalidade para a que solicita a axuda.

Quedan expresamente excluídos da presente convocatoria ás entidades/clubs que desenvolvan a súa actividade competitiva na especialidade de rally (montaña, terra e asfalto) dentro da disciplina deportiva do automobilismo, dado o compromiso da Deputación de Lugo con este deporte posto de manifesto en distintas axudas.

Non poderán ser beneficiarios de axudas dentro da liña de actividade competitiva da presente convocatoria, nin as sociedades anónimas deportivas, nin aquelas entidades e clubs deportivos que sexan beneficiarias dunha axuda no procedemento de concorrencia non competitiva na anualidade 2017.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, quen concorra nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Que fose condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Que solicitase a declaración de concurso voluntario, fose declarado insolvente en calquera procedemento, se atope declarado en concurso, agás que este adquirise a eficacia dun convenio, estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Que dese lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5 /2006 de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou por se tratar de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/

1985 de 19 de xuño, do réxime electoral xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

- e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente do pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h) Que fose sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a esta ou a outras leis que así o establezan.
- i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 desta lei cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.
- k) Atoparse nalgún dos supostos que impidan a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.a Obrigas dos beneficiarios

- a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- b) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- c) Acreditar ante a Excm. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a pola Excm. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicar á Deputación Provincial a obtención de subvencións/axudas ou patrocinios (sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Comunicar, no seu caso, a solicitude de declaración de concurso voluntario, de declaración de insolvente en calquera procedemento, e declaración en concurso, e no seu caso da sentenza de eficacia dun convenio, ou se estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- g) Acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. A devandita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado, agás o certificado da Seguridade Social que deberá ser presentado pola entidade beneficiaria.

- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.
- j) Os perceptores da subvención poderán subcontratar o 100% do importe das actividades obxecto da mesma.
- k) Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da área de deportes da Excm. Deputación Provincial e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.
- l) De igual xeito este ano establécese que, cando menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.
- m) En caso de solicitar subvención para equipos con deportistas menores de idade, ou para a organización de eventos deportivos nos que participen deportistas menores de idade, os clubs e entidades solicitantes asumen a responsabilidade de que todo o persoal ao que lle corresponde a realización destas actividades (incluído o voluntariado), cumpra co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

3.b Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

3. c. Anticipo

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación da subvencións.

4. CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

As subvencións que se concedan segundo as presentes bases reitoras da convocatoria e de acordo co Plan Estratégico de Subvencións para a Excm. Deputación Provincial de Lugo 2017-2019, terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2017, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

5. ORZAMENTO

A cantidade destinada para a concesión de “SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA AXUDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS” obxecto da convocatoria do ano 2017, será de cinco centos mil euros (485.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2017, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións desta Excm. Deputación Provincial de Lugo 2017-2019, área de Deportes na súa liña 4.2 DEPORTES.

A distribución da aplicación nas diversas categorías das finalidades desta convocatoria quedará constituída da seguinte maneira:

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada	400.000,00 €
B. Liña de axudas para eventos deportivos	85.000,00 €

Na liña de axudas a actividade competitiva federada, na que se propón un importe total a distribuír de 400.000,00 €, establecece o seguinte cadro de distribución dos respectivos importes totais de acordo co número de licenzas oficiais das distintas disciplinas deportivas:

DISCIPLINAS DEPORTIVAS	IMPORTES
FÚTBOL	140.000
BALONCESTO	35.000
FÚTBOL SALA	35.000
CICLISMO	18.000
PIRAGÜISMO	18.000
ATLETISMO	18.000
XIMNASIA, PATINAXE E BAILE DEPORTIVO	18.000
TRÍATLON	10.000
BALONMÁN	8.000
NATACIÓN	7.000
VOLEIBOL	6.000
DEPORTES DE RAQUETA (TENIS, TENIS DE MESAS, PÁDEL, BÁDMINTON, SQUASH)	20.000
DEPORTES DE COMBATE (TAEKWONDO., JUDO, KARATE, KICKBÓXING, LOTAS OLÍMPICAS, BOXEO)	20.000
DEPORTES CON ARMAS E CAZA (TIRO AO VOO, TIRO CON ARCO, TIRO OLÍMPICO, CAZA, ESGRIMA)	7.000
DEPORTES CON ANIMAIS (COLOMBICULTURA, COLOMBOFILO, GALGOS, PÉNTATLON MODERNO, HÍPICA, POLO)	7.000
DEPORTES NO MEDIO NATURAL (MONTAÑA E ESCALADA, ESPELEOLOXÍA, ORIENTACIÓN, DEPORTES DE INVERNO, PESCA E CASTING)	7.000

DEPORTES MEDIO ACUÁTICO (SURF, VELA, REMO, SALVAMENTO E SOCORRISMO, ESQUÍ NÁUTICO, ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS, MOTONÁUTICA)	6.000
OUTROS DEPORTES (XADREZ, BESIBOL E SOFBOL, AERONÁUTICA, BILLAR, FÚTBOL AMERICANO, HALTEROFILIA, MOTOCICLISMO, RUGBY, GOLF, HOCKEY, PELOTA, BIRLOS, PETANCA, DEPORTES DE XEO)	20.000
TOTAL	400.000,00

As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento. Nese caso poderanse compatibilizar até a contía do devandito orzamento.

6. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e Sr. Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, debendo facer constar – de xeito expreso – a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, téndose en conta, así mesmo, para a concesión das subvencións os seguintes criterios de acordo coas diferentes liñas:

Criterios xerais para a valoración das solicitudes na concesión das subvencións:

1. Para efectuar a valoración dos méritos deportivos teranse en conta as seguintes regras:

- a) Nos supostos en que os documentos de méritos e circunstancias deportivas presentados se atopen incompletos ou padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a aplicación

dos correspondentes criterios de valoración, asignarase de oficio unha valoración de cero puntos nos criterios afectados.

- b) No suposto en que os documentos conteñan discrepancias ou incongruencias nos datos presentados, para a valoración tomaranse en consideración exclusivamente os datos de menor incidencia en aplicación dos criterios de valoración afectados.

CRITERIOS DE BAREMO PARA A LIÑA DE AXUDAS Á ACTIVIDADE COMPETITIVA

a) RENDEMENTO DEPORTIVO

a.1 Ascenso de categoría. Asignarase a puntuación establecida por cada equipo da entidade/club que lograra un ascenso de categoría na temporada 2015-2016. **(Ata un máximo de 30 Puntos)**

Puntuación por cada equipo da entidade/club que acadara o ascenso de categoría na temporada 2015-2016	Masculino	Feminino / Mixto	Capacidades Diferentes
Benxamín	1	1,5	2
Alevín	1	1,5	2
Infantil	1,5	2	3
Cadete	1,5	2	3
Junior/Xuvenil	2	3	4
Senior/Absoluto	3	4	5
Veterano	1	2	3

Puntuarase por cada ascenso logrado pola entidade/club solicitante de acordo co cadro anterior, e con independencia da categoría. Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

a.2 Mérito deportivo. Asignarase a puntuación establecida por cada deportista da entidade/club que coa súa participación en equipo oficial federado lograra un campionato estatal ou internacional federado na temporada 2015-2016. **(Ata un máximo de 30 Puntos)**

Puntuación por cada deportista da entidade/club que lograra un campionato estatal/internacional na temporada 2015-2016	Masculino	Feminino / Mixto	Capacidades Diferentes
Campión Estatal	1	1,5	2
Campión Internacional	2	2,5	3

Puntuarase por cada campionato estatal ou internacional logrado polos deportistas da entidade/club de acordo co cadro anterior, e con independencia da categoría. Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

b) INCIDENCIA SOCIAL

b.1 Porcentaxe que representa o número total de licenzas federativas da entidade ou club deportivo na disciplina deportiva para a que solicita a axuda, en relación ao número total de licenzas da respectiva disciplina na provincia de Lugo, a 31 de decembro de 2016. **(Ata un máximo de 20 Puntos)**

Menos do 10%	2,5 puntos
Entre o 10% e menos do 30%	5 puntos
Entre o 30% e menos do 50%	10 puntos
Entre o 50% e menos do 70%	15 puntos
70% ou máis	20 puntos

Tal circunstancia (número total de licenzas do club na disciplina para a que solicita a axuda e número total de licenzas na provincia) deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

b.2 Número total de licenzas federativas da entidade ou club deportivo, na disciplina para a que solicita a axuda, en función das categorías do club, con especial referencia aos de categorías de base e respectando a igualdade de xénero e de oportunidades. **(Ata un máximo de 70 puntos).**

Categorías do club	Puntuación por cada unha das licenzas en equipo masculino	Puntuación por cada unha das licenzas en equipo feminino/mixto	Puntuación por cada unha das licenzas en equipo de capacidade diferentes
Benxamín	0.15	0.20	0.25
Alevín	0.15	0.20	0.25
Infantil	0.20	0.25	0.30
Cadete	0.20	0.25	0.30
Junior/Xuvenil	0.25	0.30	0.35
Senior/Absoluto	0.30	0.35	0.40
Veterano	0.15	0.20	0.25

A puntuación que figura neste apartado, en cada categoría, aplicarase por cada unha das licenzas acreditadas.

Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

b.3 Número de equipos da entidade ou club deportivo na disciplina deportiva para a que solicita a axuda. **(Ata un máximo de 70 puntos).** Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

Categorías do club	Masculino	Feminino/Mixto	Capacidade Diferentes
Benxamín	1	1.5	2
Alevín	1	1.5	2
Infantil	2	2.5	3
Cadete	2	2.5	3

Junior/Xuvenil	2.5	3	3.5
Senior/Absoluto	3	3.5	4
Veterano	1	1.5	2

A puntuación que figura neste apartado será a asignada por cada un dos equipos nas distintas categorías do club e na modalidade masculina, feminina/mixta e de capacidades diferentes.

b.4 Número de equipos da entidade ou club deportivo que participen no respectivo ámbito territorial da competición indicado na disciplina para a que solicita a axuda. **(Ata un máximo de 60 puntos).**

Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

Ámbito territorial da competición	Puntos por cada equipo no respectivo ámbito territorial da competición
Local	1
Provincial	3
Galego / Autonómica	5
Estatat	7
Internacional	10

c) ÁMBITO TERRITORIAL

Puntuación vinculada ao concello no que ten a súa sede o club ou entidade deportiva solicitante.

Clubs e entidades solicitantes con sede en concellos de menos de 2.000 habitantes	30 puntos
Clubs e entidades solicitantes con sede concellos de 2.001 a 4.000 habitantes	25 puntos
Clubs e entidades solicitantes con sede concellos de 4.001 a 8.000 habitantes	15 puntos
Clubs e entidades solicitantes con sede concellos de 8.001 a 10.000 habitantes	10 puntos
Clubs e entidades solicitantes con sede concellos de máis de 10.000 habitantes	5 puntos

d) PERSOAL

Número de técnicos deportivos, adestradores ou persoal auxiliar (monitores deportivos) con contrato laboral na entidade ou club deportivo durante a temporada 2015-2016 na disciplina para a que solicita a axuda (como mínimo seis meses completos de duración de relación laboral). **(Ata un máximo de 30 puntos)**

Tal circunstancia deberá acreditarse con copia de contrato laboral ou das nóminas do período requirido. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

Por cada técnico deportivo con contrato laboral	3 puntos
Por cada adestrador con contrato laboral	2 puntos
Por cada persoal auxiliar (monitor deportivo) con contrato laboral	1 punto

e) ANOS DE CREACIÓN DO CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA

Club creado e fundado na anualidade 2016	5 puntos
Club creado e fundado antes da anualidade 2016	1 punto

Tal circunstancia deberá acreditarse con copia do documento de rexistro de inscrición no rexistro da Xunta de Galicia. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos

CRITERIOS DE BAREMO PARA A LIÑA DE AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS.

a) NIVEL TERRITORIAL DO EVENTO PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA

Internacional	35 puntos
Estatal	30 puntos
Galego	25 puntos
Provincial	15 puntos
Local	10 puntos

En función da procedencia de cando menos 2 dos clubs/entidades e/ou deportistas participantes en relación ao ámbito de realización do evento, é dicir, provincia de Lugo. Deberá acreditarse con declaración responsable dos clubs participantes e/ou deportista no que se indique a sede do club participante e/ou ao que pertence o/a deportista. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

b) NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES NO EVENTO (Enténdase participante directo, deportista do club/clubs ou entidade/s)

Ata 20 participantes	10 puntos
De 21 a 50	15 puntos
De 51 a 100	20 puntos
De 51 a 100	25 puntos
Máis de 200	30 puntos

De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

c) NÚMERO DE HORAS DE DURACIÓN DO EVENTO

De 1 a 6 horas	5 puntos
De 7 a 10 horas	10 puntos
De 11 a 30	20 puntos
De 31 a 80	25 puntos
Máis de 80	30 puntos

De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

d) NÚMERO DE CLUBS OU ENTIDADES ORGANIZADORAS DO EVENTO

Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante con certificación federativa ou declaración responsable do club/clubs organizadores. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

1 entidade	5 puntos
2 entidades	10 puntos
3 entidades	20 puntos
4 entidades	30 puntos

e) OUTROS CRITERIOS SOCIAIS

Participación de equipos femininos ou mixtos	10 puntos
Participación de equipos de persoas con capacidades diferentes ou en risco de exclusión social	20 puntos

Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa ou declaración responsable do club/clubs organizadores. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

f) DISPERSIÓN TERRITORIAL E POBOACIÓN

Evento que se desenvolve en concellos de menos de 2.000 habitantes	30 puntos
Evento que se desenvolve en concellos de 2.001 a 4.000 habitantes	25 puntos
Evento que se desenvolve en concellos de 4.001 a 8.000 habitantes	15 puntos
Evento que se desenvolve en concellos de 8.001 a 10.000 habitantes	10 puntos
Evento que se desenvolve en concellos de máis de 10.000 habitantes	5 puntos

g) POR TRATARSE DUN EVENTO DE CARÁCTER OFICIAL FEDERADO OU PUNTUABLE NA DISCIPLINA DEPORTIVA EN COMPETICIÓN FEDERADA.

20 puntos

Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

7. IMPORTE E CÁLCULO DA SUBVENCIÓN.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa para cada liña:

LIÑA	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Axudas á actividade competitiva	300 €	4.000 €
Axudas á organización de eventos	300 €	2.000 €

A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que cando menos o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do previsto no paragrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A Xunta de Goberno só concederá unha axuda a cada acción para os efectos de que haxa mais dun participante no concurso que solicite axuda para a mesma actividade, na liña sinalada no apartado B (evento) da finalidade ou obxecto, das presentes bases.

A Xunta de Goberno pode decidir ratear os importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atendelas.

Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor económico do punto na liña de **axudas a actividade competitiva federada (punto A)** será o resultante de dividir o total de crédito orzamentario asignado para cada disciplina/s deportiva/s de acordo co reflectido no punto 5.1 da presente convocatoria, entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas e completas, en cada unha das disciplinas deportivas, respectando, en todo caso, os máximos e os mínimos establecidos nesta convocatoria.

En consecuencia a axuda a percibir será a resultante de multiplicar os puntos obtidos por cada solicitante polo valor en euros do punto, de acordo co determinado anteriormente.

No suposto de existir remanentes, repartiranse de maneira proporcional, primeiro, entre as solicitudes admitidas e completas dentro da mesma disciplina deportiva, e segundo, entre outras disciplinas desta mesma liña de axudas, sempre respectando os máximos e os mínimos establecidos.

No caso das axudas á **organización de eventos deportivos (punto B)**, o valor económico do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario asignado a esta liña de axudas, entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas e completas, nesta liña, respectando, en todo caso, os máximos e os mínimos establecidos nesta convocatoria.

En consecuencia a axuda a percibir será a resultante de multiplicar os puntos obtidos por cada solicitante polo valor en euros do punto, de acordo co determinado anteriormente.

No suposto de existir remanentes, repartiranse de maneira proporcional entre as solicitudes admitidas e completas, sempre respectando os máximos e os mínimos establecidos.

No caso de que unha vez realizado o respectivo reparto de remanentes indicado en cada unha das liñas, e de se seguren producindo remanentes, procederase a repartilos de maneira proporcional entre as solicitudes admitidas e completas das dúas liñas de axudas (A e B), sempre respectando os máximos e os mínimos establecidos.

Nas dúas liñas establecidas, non obterán subvención, aquelas entidades/clubs solicitantes que non logren a puntuación suficiente para que multiplicada polo valor en euros do punto, -de acordo co mecanismo indicado anteriormente-, teña como resultado un importe inferior aos 300 euros, importe mínimo establecido na presente convocatoria, de acordo co establecido no Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, apartado 12.1.

8. AS SOLICITUDES: Presentación, prazos, lugar de presentación, órgano ao que se dirixe a petición e documentación a presentar

As solicitudes, dirixidas ao Presidente da Deputación de Lugo, formularanse nos modelos oficiais, que serán facilitados directamente pola Deputación Provincial: un exemplar da solicitude – xunto coa documentación que se acompañe -, presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación, quedando outro exemplar en posesión dos interesados.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, acompañándoas daqueles documentos requiridos para cumprir a condición de beneficiario, e no seu caso, daqueles outros que conveñan para a valoración e a definición da axuda solicitada en función das finalidades establecidas nestas bases.

As entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo e recreativo solicitantes, da provincia de Lugo poderán optar como máximo **a dúas (2) axudas, unha por actividade competitiva (punto A) e outra por organización de eventos deportivos (punto B).**

Desta norma quedan exceptuados, aqueles clubs ou entidades deportivas que desenvolvan a súa actividade competitiva en máis dunha disciplina deportiva (fútbol, baloncesto, ciclismo, esquí,...), que poderán optar a un máximo de tres (3) axudas: (2 solicitudes de axuda por actividade competitiva; e 1 por organización de eventos deportivos), circunstancia que deberán poñer de manifesto nas respectivas solicitudes e tendo en conta as disciplinas establecidas no ANEXO A.

Expresamente e para os efectos do determinado no parágrafo anterior, non se considerarán disciplinas distintas, e por tanto susceptibles de optar a subvención, os niveis e modalidades que no seu caso se establezan dentro da mesma disciplina deportiva (exemplo: baloncesto feminino e masculino, balonmán xúnior e sénior, fútbol veterano e infantil, esquí nórdico e alpino, cetrería e caza con arco, loita libre olímpica e grecorromana, etc...) e que se reflicten no anexo A da presente convocatoria.

En consecuencia, os solicitantes deberán presentar **obrigatoriamente unha (1) solicitude por cada unha das disciplinas deportivas e axudas solicitadas,** que deberán de acompañarse da documentación respectiva esixida e dos certificados federativos correspondentes. Por tanto, cada solicitude será valorada de maneira independente e aplicando os criterios que no seu caso lle correspondan.

De acordo co artigo 68. *Emenda e mellora da solicitude* da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, se for o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos da **documentación administrativa presentada,** con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o requirimento para emendar as referidas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.deputacionlugo.org>, [taboleiroanuncios.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org), enlace: [g:tablón - Deputación de Lugo](#)

No caso de o solicitante non presentar a autorización para recibir a través de correo electrónico, a comunicación, de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo 8, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na devandita páxina web e enlace.

A presentación do documento de autorización de comunicación (Anexo 8) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e enlace, e no BOP no caso da resolución do procedemento.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable, nomeadamente dos méritos deportivos establecidos como elementos de criterio de puntuación. Lémbrese expresamente que a non acreditación dos citados méritos deportivos por parte do solicitante implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Os documentos comúns e necesarios a presentar coa solicitude son:

- **Certificación acreditativa da entidade** do acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial e do **acordo do nomeamento do representante da entidade** para as relacións coa Deputación Provincial.
- **Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.**
- **Fotocopia dos estatutos da entidade**, inscritos no rexistro de asociacións correspondente. No caso de telos presentados con anterioridade, deberá achegar certificado do secretario da entidade de non ter producidas modificacións.
- **Certificación** da entidade na que faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.
- **Declaración xurada do representante da entidade** de ter a entidade que representa a condición de beneficiario.
- **Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas** por outras administracións para a mesma actividade.
- **Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (Axencia Tributaria Galega, Axencia Tributaria Estatal) e fronte á Seguridade Social e a Deputación de Lugo.
- **Autorización do representante da entidade** para que, se así se considera, a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes- os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial), agás o certificado da Seguridade Social que deberá ser presentado pola entidade beneficiaria.
- Copia do CIF da entidade.
- Autorización para recibir a través de correo electrónico a comunicación, de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da

publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo Anexo 8. A presentación do documento de autorización de comunicación non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e no BOP no caso da resolución do procedemento conforme co sinalado na presente convocatoria.

- Copia, no seu caso para a acreditación da titularidade, de certificación da Xefatura Provincial de Tráfico da titularidade do vehículo do club.
- Certificación da federación deportiva correspondente da inscrición do club ou entidade solicitante na competición oficial federada para a que solicita a axuda na correspondente temporada.

Documentación acreditativa dos criterios de valoración que concorren no solicitante

Para a liña de axudas á actividade competitiva:

a) Certificación da federación galega e/ou estatal da disciplina deportiva correspondente, segundo o modelo normalizado de:

- Categoría superior da entidade deportiva.
- Categorias inferiores con representación
- Nº de licenzas federadas por categoría e total de licenzas.
- Número de equipos da entidade ou club deportivo por categoría, con indicación de se son masculinos, femininos, mixtos ou capacidades diferentes.
- Número de equipos da entidade ou club deportivo que participen no respectivo ámbito territorial da competición
- Resultados deportivos dos equipos: ascensos de categoría
- Número total de licenzas federativas da entidade ou club deportivo, na referida disciplina deportiva e por categorías.

* Se é o caso, acompañarase certificación federativa do *ranking* federativo dos deportistas da entidade segundo a modalidade deportiva.

* Os resultados deportivos serán de carácter definitivo no momento de expedir a certificación: da tempada rematada, de acordo co indicado no respectivo anexo, ou no caso de que non rematase, resultados deportivos na data de publicación no BOP da convocatoria. Esta data só se terá en conta se a tempada non rematase no momento de finalizarse o prazo de presentación de solicitudes.

- b) Copia do documento de rexistro de inscrición do club ou entidade deportiva no rexistro da Xunta de Galicia.
- c) Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade competitiva segundo o modelo normalizado.
- d) Calendarios de competición.
- e) No seu caso, declaración da indicación da necesidade de transporte para os elementos da competición.
- f) No seu caso, certificado da federación acreditativo de ascenso de categoría de cada un dos respectivos equipos dos que se solicite a consideración de tal mérito.

Dada a natureza e características do procedemento de valoración, a documentación valorable de méritos deportivos de club ou entidade deportiva non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Para a liña de axudas para a organización de eventos deportivos:

- a) **Proxecto da actividade programada** que debe incluír:
- Denominación
 - Descrición xeral
 - Xustificación (do evento, características: fundamentalmente a dimensión deportiva diana (temática ou vertente deportiva principal))
 - Destinatarios (perfil dos destinatarios e n.º de participantes)
 - Localización e cobertura (onde se leva a cabo, de onde son os participantes e n.º de horas de actividade)
 - Obxectivos
 - Orzamento de gastos e ingresos por conceptos da actividade.
- b) Certificación do secretario da entidade dos datos do evento e orzamento financiable de gastos subvencionables do evento segundo o modelo normalizado.
- c) No caso de eventos de carácter federado ou puntuables, certificado da correspondente federación.
- d) No caso de eventos coorganizados por varias entidades, declaración xurada dos membros das asociacións organizadoras.

9. PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de 2017 até o 31 de decembro do 2017.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non se conclúise pola propia natureza da mesma ou por causas alleas ao solicitante, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial, e tendo en conta tamén que a ampliación non exceda da metade deste e sempre que con isto non se prexudiquen dereitos de terceiros.

10. RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN

A Xunta de Goberno a proposta do órgano instrutor resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Non se concederá ningunha subvención até que non se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores concedidas pola Deputación Provincial de Lugo.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e

na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org, taboleiroanuncios.deputacionlugo.org, enlace: [g-tablón - Deputación de Lugo](#)

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización (Anexo 8) para realizar as comunicacións previstas nesta convocatoria realizaráselles unha comunicación persoal por correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na páxina web <http://www.deputacionlugo.org>. No caso de que non presenten a devandita autorización, non se realizará a mencionada comunicación persoal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. De conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, no caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

11. XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario é polo que unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na área de xestión correspondente coa seguinte documentación:

- **Memoria de actuación xustificativa** e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando a duración da actividade, e o nivel de logros acadados.
- **Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada**, que conterá:
 1. **Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.**
 2. **Relación clasificada dos gastos** da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e data de pagamento. No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.
Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
 3. **Facturas ou documentos de valor probatorio** equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo até o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas ("*estampilladas*") polo órgano xestor. Soamente terán que presentar os xustificantes de gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto do contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

4. **Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores.**

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data”, asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

5. **Declaración responsable** da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

6. **Declaración responsable** da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

***Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social.** Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado, agás o certificado da Seguridade Social que deberá ser presentado pola entidade beneficiaria. Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de

17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. Para esta situación, deberase achegar e presentar unha declaración responsable, (segundo o modelo normalizado) que substituirá á presentación das certificacións previstas no artigo 22 do mencionado Real Decreto.

* **Declaración responsable da entidade de non ser debedor** por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.

- **Documento emitido pola entidade bancaria**, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
- Se é o caso, **declaración responsable do representante da entidade** de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- **Acreditación**, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a **imaxe corporativa** da Área de Deportes da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.
- No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
- No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro

12. PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade, en calquera caso, **o prazo rematará o 31 de marzo de 2018.**

Para os casos establecidos na base 9ª no parágrafo II, este prazo poderá modificarse atendendo á excepcionalidade e motivación que fundamente a modificación do prazo de execución, do xeito que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Logo de transcourir o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención e, tamén ao reintegro da contía

anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

13. REDUCIÓNS

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida até que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5%, si do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5% esixido.

Nestes casos citados, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento previo informe da área de xestión competente.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención e por ende ao reintegro da contía anticipada e á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións ao que remite o artigo 34 da mesma; no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e no 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

14. RENUNCIA

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

15. PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra en forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.

3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

O órgano competente para a aprobación do Plan de Auditoría anual será a Xunta de Goberno Provincial.

16. SUPOSTOS DE REINTEGRO

No caso de que o beneficiario incorra nalgunha anomalía para obter a subvención ou incumprimento da natureza da actividade total ou parcialmente, así como o incumprimento do contido das bases para a concesión destas, a entidade deberá proceder ao reintegro das cantidades percibidas.

Por causa xustificada, poderá accederse á petición que se formule polos beneficiarios, sobre modificación total ou parcial da actividade programada e que, se é o caso, non poida ser executada de forma orixinaria, e a súa resolución será adoptada polo mesmo Órgano que outorgou a subvención.

17. RÉXIME DE RECURSOS

As resolucións de concesións ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da resolución de concesión ou denegación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da resolución de concesión ou denegación, e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

18. OUTRAS DISPOSICIÓNS

No non previsto nesta convocatoria estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- A Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- O Regulamento Orgánico da Deputación
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

OUTRAS DETERMINACIÓNS

Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2017-2019

Lugo, 28 de xullo de 2017

O Presidente
Darío Campos Conde

O Secretario Xeral
Cristobal Víctor Fraga Bermejo

ANEXO A

Relación de disciplinas deportivas, coas súas correspondentes especialidades, recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web

ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

Especialidade	ULTRALIXEIROS
PESCA SUBMARINA	PARAPENTE
NATACIÓN CON ALETAS PISCINA	PARAMOTOR
NATACIÓN CON ALETAS GRAN FONDO	<u>XADREZ</u>
ORIENTACIÓN SUBACUÁTICA	Especialidade
MERGULLO DEPORTIVO CON ESCAFANDRA AUTÓNOMA	XADREZ DE COMPETICIÓN
HÓCKEY SUBACUÁTICO	XADREZ POR MEDIOS ELECTRÓNICOS E INFORMÁTICOS
APNEA	XADREZ POSTAL
TIRO SUBACUÁTICO	XADREZ ÁS CEGAS
FOTOGRAFÍA SUBACUÁTICA	XADREZ DE COMPOSICIÓN ARTÍSTICA
CAZAFOTO APNEA	<u>ATLETISMO</u>
VÍDEO SUBACUÁTICO	Especialidade
RUGBY SUBACUÁTICO	PISTA AIRE LIBRE
MERGULLO DE COMPETICIÓN	CAMPO A TRAVÉS

AERONÁUTICA

Especialidade	PISTA CUBERTA
AEROMODELISMO	MONTAÑA
AEROSTACIÓN	<u>BÁDMINTON</u>
PARACAIDISMO	Especialidade
VOO ACROBÁTICO	BÁDMINTON
ALA DELTA	PARABÁDMINTON
VOO CON MOTOR	<u>BAILE DEPORTIVO</u>
VOO A VELA	Especialidade
	BAILES LATINOS

BAILES ESTÁNDAR

BAILE EN CADEIRA DE RODAS

HIP HOP

LINE DANCE&CWD

TWIRLING BATON

BALONCESTO

Especialidade

BALONCESTO

BALONMÁN

Especialidade

BALONMÁN

BALONMÁN PRAIA

BÉISBOL E SOFBOL

Especialidade

BÉISBOL

SÓFTBOL

BILLAR

Especialidade

CARAMBOLA

POOL

SNOOKER

QUILLAS

BIRLOS

Especialidade

BOWLING

BIRLO LEÓNS

BIRLO PALMA

CUATREADA

PASABOLO TABLON

TRES TABOLEIROS

BATENTE

BIRLO BURGALÉS

BIRLO CELTA

PASABOLO LOSA

BIRLO CÉSPEDE

BOXEO

Especialidade

BOXEO AMATEUR

BOXEO PROFESIONAL

CAZA

Especialidade

PICHON A BRAZO

CAZA MENOR CON CANS

PERCORRIDOS DE CAZA

CAZA SAN HUBERTO

CANS DE CAZA E AGILITY

CETRERÍA

PAXAROS DE CANTO

CAZA CON ARCO

TIRO A CAZA LANZADA

COMPAK SPORTING

PASPALLÁS CON RECLAMO

CICLISMO

Especialidade

ESTRADA

PISTA

BICICLETA MONTAÑA (BTT)

BMX

ADAPTADO ESTRADA

ADAPTADO PISTA

CICLO-CROS

TRIAL-BICI

CICLISMO EN SALA

CICLOTURISMO

COLOMBICULTURA

Especialidade

PALOMOS DEPORTIVOS

BUCHONAS RAZAS ESPAÑOLAS

COLOMBOFILA

Especialidade

COLOMBOFILA

DEP. DISCAPACIDADE FISICA

Especialidade

SLALOM EN CADEIRA DE RODAS (DF)

ATLETISMO DF (PISTA AIRE LIBRE)

BALONCESTO (CADEIRA DE RODAS)

BIATHLON (DF)

BOCCIA (CADEIRA DE RODAS)

ESGRIMA (CADEIRA DE RODAS)

ESQUÍ ALPINO (DF)

ESQUÍ NÓRDICO (DF)

HALTEROFILIA (DF)

NATAÇÃO DF (P. 50 M)

TENIS (CADEIRA DE RODAS)

TENIS DE MESA (DF)

TIRO CON ARCO (DF)

TIRO OLÍMPICO (DF)

VOLEIBOL (DF)

ACTIV. SUBACUÁTICAS (DF)

AUTOMOBILISMO (DF)

BÁDMINTON (DF)

HÓCKEY (CADEIRA RODAS ELÉCTRICA)

HÓCKEY XEO (DF)

PATINAXE VELOCIDADE XEO (DF)

FÚTBOL EN CADEIRA DE RODAS

ATLETISMO DF (INDOOR)

NATAÇÃO DF (P. 25 M)

RUGBY EN CADEIRA DE RODAS

DEP. DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Especialidade

ATLETISMO DI (PISTA AIRE LIBRE)

ATLETISMO DI (CAMPO A TRAVÉS)

NATAÇÃO DI (P. 50 M.)

ATLETISMO DI (PISTA CUBERTA)

TENIS DE MESA (DI)

BALONCESTO (DI)

BALONMÁN (DI)

ESQUÍ ALPINO (DI)

ESQUÍ NÓRDICO (DI)

FÚTBOL (DI)

FÚTBOL SALA (DI)

XIMNASIA RÍTMICA (DI)

NATACIÓN DI (P. 25 M.)

TENIS (DI)

GOLF (DI)

PÁDEL ADAPTADO (DI)

DEP. PARA CEGOS

Especialidade

ATLETISMO DC (PISTA AIRE LIBRE)

BIATHLON (DC)

ESQUÍ ALPINO (DC)

ESQUÍ NÓRDICO (DC)

FÚTBOL SALA (DC)

GOALBALL

JUDO (DC)

NATACIÓN DC (P. 50 M)

NATACIÓN DC (P. 25 M.)

XADREZ (DC)

CARREIRAS DE MONTAÑA (DC)

TIRO (DC)

DEP. PARA XORDOS

Especialidade

MOUNTAIN BIKE (DS)

XADREZ (DS)

ATLETISMO DS (PISTA AIRE LIBRE)

ATLETISMO DS (CAMPO A TRAVÉS)

ATLETISMO DS (PISTA CUBERTA)

BALONCESTO (DS)

CICLISMO (DS)

FÚTBOL (DS)

FÚTBOL SALA (DS)

PETANCA (DS)

TENIS (DS)

TENIS DE MESA (DS)

ESQUÍ ALPINO (DS)

ESQUÍ DE FONDO (DS)

CURLING (DS)

HÓCKEY XEO (DS)

SNOWBOARD (DS)

BÁDMINTON (DS)

BALONMÁN (DS)

BOWLING (DS)

JUDO (DS)

KARATE (DS)

LOITA LIBRE (DS)

LOITA GRECORROMANA (DS)

NATACIÓN (DS)

A PÉ (DS)
TAEKWONDO (DS)
TIRO OLÍMPICO (DS)
VOLEIBOL (DS)
VOLEI-PRAIA (DS)
WATERPOLO (DS)
BILLAR (DS)
BOXEO (DS)
PELOTA (DS)
PÁDEL (DS)
PÉNTATLON MODERNO (DS)
PESCA (DS)
SURF (DS)
TIRO CON ARCO (DS)
TRÍATLON (DS)

**DEP. PARALISIS CEREBRAL E DANO CEREBRAL
ADQUIRIDO**

Especialidade

ATLETISMO PC (PISTA AIRE LIBRE)
BOCCIA
FÚTBOL 7
NATACIÓN PC (P. 50 M)
NATACIÓN PC (P. 25 M.)
TENIS DE MESA (PC)
ESQUÍ ALPINO (PC)
ESQUÍ NÓRDICO (PC)

HALTEROFILIA (PC)
TIRO CON ARCO (PC)
FÚTBOL SALA (PC)
SLÁLOM EN CADEIRA DE RODAS (PC)
HÓCKEY EN CADEIRA ELÉCTRICA

DEPORTES DE XEO

Especialidade

HÓCKEY XEO
PATINAXE ARTÍSTICO
PATINAXE DE VELOCIDADE
BOBSLEIGH E SKELETON
CURLING
LUGE

DEPORTES DE INVIERNO

Especialidade

ESQUÍ ALPINO
ESQUÍ DE FONDO
SALTOS DE ESQUÍ
COMBINADA NÓRDICA
BÍATLON
FREESTYLE-ESTILO LIBRE
SNOWBOARD
MUSHING
TELEMARK
ESQUÍ DE VELOCIDADE

ESGRIMA

Especialidade

FLORETE

ESPADA

SABRE

ESPELEOLOXÍA

Especialidade

ESPELEOLOXÍA

ESQUÍ NAUTICO

Especialidade

CLÁSICAS

CARREIRAS

CABLESQUÍ

WAKE BOARD

PÉS ESPIDOS

FÚTBOL

Especialidade

FÚTBOL

FÚTBOL SALA

FÚTBOL AMERICANO

Especialidade

FÚTBOL AMERICANO

FÚTBOL FLAG

GALGOS

Especialidade

CARREIRAS EN CAMPO

CARREIRAS EN PISTA

XIMNASIA

Especialidade

XIMNASIA ARTÍSTICA

XIMNASIA RÍTMICA

XIMNASIA TRAMPOLÍN

XIMNASIA ACROBÁTICA

XIMNASIA AERÓBICA

XIMNASIA PARA TODOS

GOLF

Especialidade

GOLF

PICH AND PUTT

GOLF ADAPTADO

HALTEROFILIA

Especialidade

HALTEROFILIA

HÍPICA

Especialidade

SALTOS DE OBSTÁCULOS

DOMA CLÁSICA

CONCURSO COMPLETO

ENGANCHES

DOMA VAQUEIRA

RAID

VOLTEO

HORSE BALL

TREC

REINING

PARAEQUESTRIAN

HÓCKEY

Especialidade

HÓCKEY

HÓCKEY SALA

HÓCKEY PRAIA

JUDO

Especialidade

JUDO

KENDO

WU-SHU

JIU-JITSU

AIKIDO

KARATE

Especialidade

KARATE-KUMITE

KARATE-KATAS

KENPO

KUNG-FU

TAI-JITSU

KARATE ADAPTADO

KICKBOXING

Especialidade

TATAMI SPORT LIGHTCONTACT

TATAMI SPORT SEMICONTACT-POINTFIGHTING

TATAMI SPORT KICKLIGHT

TATAMI SPORT FORMAS MUSICAIS

TATAMI SPORT FORMAS LIBRES

TATAMI SPORT AEROKICKBOX

TATAMI SPORT CARDIOKICKBOXING

RING SPORT FULLCONTACT

RING SPORT LOWKICK

RING SPORT K1-RULES

MUAY THAI (THAI BOXING)

LOITAS OLÍMPICAS

Especialidade

LIBRE OLÍMPICA

GRECORROMANA

SAMBO

LOITA LEONESA

LOITA PRAIA

LOITA GRAPPLING

MMA (ARTES MARCIAIS MIXTAS)

MONTAÑA E ESCALADA

Especialidade

ALPINISMO

ESCALADAS EN ROCA

ESCALADA DEPORTIVA

ESCALADA EN XEO

CARREIRAS POR MONTAÑA

ESQUÍ DE MONTAÑA

PARAESCALADA

MARCHA NÓRDICA

MOTOCICLISMO

Especialidade

VELOCIDADE

ENDURO

ENDURO INDOOR

MOTO CROS

TRIAL

TRIAL INDOOR

SUPERCROS

MOTO-BALL

RAID (RALLY-TT)

MOTO NEVE

SPEEDWAY

TURISMO

SUPERMOTARD

QUADS

FREESTYLE

RESISTENCIA (REGULARIDADE)

MOTONÁUTICA

Especialidade

MOTOS ACUÁTICAS

OFFSHORE

CATAMARÁNS

BARCAS PNEUMÁTICAS

RADIOCONTROLADAS

NAVEGACIÓN DE RECREO

NATACIÓN

Especialidade

NATACIÓN

SALTOS

WATERPOLO

SINCRONIZADA

AUGAS ABERTAS

PISCINA CURTA

ORIENTACIÓN

Especialidade

ORIENTACIÓN A PÉ

CON ESQUÍS

EN BICICLETA DE MONTAÑA

RAIDS DE AVENTURA

O-PRECISIÓN

ULTRAESCORE-ROGAIN

PÁDEL

Especialidade

PÁDEL

PATINAXE

Especialidade

HÓCKEY SOBRE PATÍNS

HÓCKEY SOBRE PATÍNS EN LIÑA

PATINAXE ARTÍSTICO

PATINAXE DE VELOCIDADE

ALPINO EN LIÑA

DESCENSO EN LIÑA

ROLLER DERBI

SKATEBOARDING

FREESTYLE

PELOTA

Especialidade

FRONTÓN CURTO 36 M.

FRONTÓN LONGO 54 M.

FRONTÓN 30 METROS

TRINQUETE

PÉNTATLON MODERNO

Especialidade

PÉNTATLON MODERNO

TÉTRATLON

TRÍATLON MODERNO

BÍATLON MODERNO

PESCA E CASTING

Especialidade

AUGA DOCE

MAR-COSTA

CASTING

ALTURA

BLACK-BASS

EMBARCACIÓN FONDEADA

SALMÓNIDOS

PETANCA

Especialidade

PETANCA

BOCHAS

PIRAGÜISMO

Especialidade

AUGAS TRANQUILAS - SPRINT

SLALOM

AUGAS BRAVAS

RAFTING

MARATHON

KAIK DE MAR

KAIK POLO

ASCENSOS, DESCENSOS E TRAVESÍAS

PIRAGÜISMO RECREATIVO

ESTILO LIBRE

KAIK-SURF

BARCOS DE DRAGON

PIRAGÜISMO ADAPTADO

POLO

Especialidade

POLO

REMO

Especialidade

BANCO MÓBIL

BANCO FIXO

REMO DE MAR

REMO ADAPTADO

RUGBY

Especialidade

RUGBY

RUGBY A 7

RUGBY REAXUSTADO

SALVAMENTO E SOCORRISMO

Especialidade

SALVAMENTO E SOCORRISMO

SQUASH

Especialidade

SQUASH

SURF

Especialidade

SURF

TAEKWONDO

Especialidade

TAEKWONDO

TECNICA

HAPKIDO

PARA-TAEKWONDO

TENIS

Especialidade

TENIS

TENIS PRAIA

TENIS EN CADEIRA DE RODAS

TENIS DE MESA

Especialidade

TENIS MESA

TENIS DE MESA ADAPTADO

TIRO A VOO

Especialidade

PICHON

HÉLICES

TIRO CON ARCO

Especialidade

DIANA AIRE LIBRE

DIANA EN SALA

TIRO DE CAMPO

TIRO 3D

LONGA DISTANCIA

CARREIRA ARCO

ESQUÍ ARCO

ARCO DISCAPACITADOS

TIRO OLÍMPICO

Especialidade

PRECISIÓN

PRATO ISSF

PRATO FITASC

ARMAS HISTÓRICAS

PERCORRIDOS DE TIRO

ALTA PRECISIÓN (BENCH REST)

ALTA PRECISIÓN (ANULAR AIRE)

RIFLE LONGA DISTANCIA F-CLASS

TRÍATLON

Especialidade

TRÍATLON

TRÍATLON INVERNO

DÚATLON

ACUATLON

CUADRIATLON

PARATRIATLON

VELA

Especialidade

VELA LIXEIRA

WINDSURF

VELA DE CRUCEIROS

KITEBOARDING

VELA ADAPTADA

VOLEIBOL

Especialidade

VOLEIBOL

VOLEI-PRAIA

MINIVOLEI

Disciplina excluída de acordo co punto 3 da convocatoria

AUTOMOBILISMO

Especialidade

RALLIES

CIRCUÍTO PERMANENTE

MONTAÑA

